

## **ESQUEMA DE TRABALLO EN RELIXIÓN CÁTOLICA 4º DE E.P.**

**PROFESORA: PATRICIA MONTERO GALDO**

### **MATERIAIS:**

- Libreta para realizar pequenas tarefas.
- Recursos WEB.
- Aula virtual.
- Material audiovisual.
- Recursos fotocopiáveis e de elaboración propia.
- Contos e relatos bíblicos.

### **PLAN DE TRABALLO:**

Os distintos contidos traballarase ao longo do curso a nivel individual e a nivel grupal.

Para abordar os contidos da materia realízanse actividades participativas dirixidas a promover a coexión do grupo e un clima positivo, prestando moita atención a expresión oral e escrita.

Para traballar dun xeito lúdico empregaremos diversas lecturas e a visualización e cortos relacionados con cada temática.

### **CONTIDOS POR TRIMESTRE:**

Os bloques de contidos desta materia son globais, polo que serán traballados ao longo do curso de xeito gradual: o coidado do que nos rodea, a convivencia, a amizade como valor cristián e as grandes festas do noso entorno.

### **CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

- No referente á avaliación para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos serán os criterios de avaliación recollidos para cada unha das temáticas a traballar.
- A avaliación será global, continua e formativa.
- Para a obtención da nota final terase en conta o traballo na aula, a actitude ante a materia e o cumprimento das normas e a corrección das tarefas.
- O alumnado que cursa Relixión adquirirá xunto co resto das materias as competencias precisas para a superación do ciclo.
- Os resultados da avaliación exprésanse con carácter informativo cunha cualificación numérica nunha escala do 1 ao 10.